




Patrimonio etnoindustrial marítimo

► Moaña: Modernidade con(tra)tradição



Desde un primeiro momento, tanto a FGCMF como Os Galos e algún dos seus membros a nivel particular, xa mostraron públicamente a postura da Asociación Sueste de Moaña para a conservación das carpinterías de ribeira de Casqueiro e Carlagho en Moaña. Os que valoramos e dalgún xeito, tentamos protexer e recuperar o noso patrimonio arqueolóxico, histórico e etnográfico, un dos máis ricos de Europa, aistimos abraiados á politización que os conservadores (?) fixeron do tema na demanda do seu derrubo e incluso intento de queima, en troques duns metros de paseo do que en Moaña xa van sobrados. E falamos de politización polos texemanexes do exalcalde con Costas (Galicia) e da actitude incívica e desmesurada dunha asociación creada ad hoc para cortar o tránsito e boicotear os plenos da actual Corporación BNG-PSOE. Xa anteriormente a Asociación

Sueste tiña recabado o apoio concellil para “recuperar o sentido común, a cordura e a lóxica a respecto da actuación que se pretende desenvolver na Seara”, deixando clara tamén a incongruencia da postura adoptada pola Deputación que por un lado apoia o trazado do paseo e por outra promove e lidera o Proxecto Transfronteirizo Europeo (Proamare) que conta cun orzamento superior aos 800.000 euros para a posta en valor do patrimonio marítimo galego. Todo isto non deixa de sorprenden, non só pola belixerancia demostrada, senón porque, se vivimos en democracia e na época dos posibles tecnicamente, non entendemos que non se acepten as posturas de consenso en gran parte xa plantexadas hai tempo polos membros de Sueste. Por que se permite unha pasarela voadada uns metros máis adiante e a que salvaría os asteleiros non. Ou é que hai algo máis detrás?

Contodo, o que máis induce á reflexión, son as posturas e actos de desleigo mostrados, a carencia de valores propios e de personalidade autóctona e tamén a perda da identidade persoal e colectiva dun país (parte) que rexeita o que por herdanza cultural é de seu e de todos.

► O Museo Massó enriquece os seus fondos materiais



Desde a súa posta en marcha, os fondos do Museo Massó non paran de aumentar en materiais de todo tipo relacionados co mundo do mar que o veñen colocar, a día de hoxe, como un importante referente en Galicia. Agora, os seus fondos veñen de incrementarse grazas á doación desinteresada de antigüidades náuticas que o coleccionista Antonio Rama vén de poñer ao seu dispoñer. A maioría dos obxectos abranguen instrumentos náuticos diversos de entre finais do século XIX, algúns anteriores, ata mediados do XX, completándose con planos e documentos antigos. Entre as 170 pezas seleccionadas figuran sextantes, planetarios, telégrafos, escafandras, velocímetros, buguinas... e outros moitos obxectos da navegación antiga, inclúíase tamén utensilios de menaxe procedentes de trasatlánticos emblemáticos, entre eles o Southern Cross que embarrancaríase na Borneira (Cangas) en 1909.

